

TEMA 1: LINGUA E SOCIEDADE: Variedades internas da lingua

As linguas non son sistemas ríxidos e inmutables, senón realidades complexas e variables, xa que están sometidas ás circunstancias propias das comunidades en que se desenvolven. Dentro de cada lingua conviven variedades internas, que son debidas a factores temporais, espaciais, socioculturais e situacionais.

Variedades temporais, históricas ou diacrónicas. Corresponden ás variacións dunha lingua ao longo do tempo. Así, o galego falado no século XII non era igual que o que se fala hoxe.

Variedades xeográficas ou diatópicas. Son as variantes que unha lingua presenta nas distintas zonas xeográficas nas que se fala.

Variedades socioculturais ou diastráticas. Están determinadas polos factores como nivel cultural, idade, sexo, etc.

Variedades situacionais ou diafásicas. Son as modalidades de fala que escolle o falante segundo a situación comunicativa na que se atope.

1. VARIEDADES SOCIOCULTURAIS OU DIASTRÁTICAS.

Non todos os falantes teñen o mesmo nivel de coñecemento da lingua e, en consecuencia, expresaranse con maior ou menor corrección lingüística. Estas diferentes maneiras de falar constitúen os **niveis da lingua**. Diferenciamos:

-Nivel culto. Corresponde ás persoas que teñen un alto nivel cultural e se expresan nunha lingua moi coidada caracterizada por: pronunciación adecuada, corrección sintáctica, riqueza léxica, abundancia de adxectivos...

-Nivel medio. Corresponde á lingua estándar, usada normalmente pola maioría da poboación e polos medios de comunicación. Caracterízase polo respecto ás normas lingüísticas.

-Nivel vulgar. É propio de falantes que, debido ao descoñecemento das normas lingüísticas, cometen moitas incorreccións: confusións na pronunciación dos fonemas, concordancias incorrectas, pobreza de vocabulario, utilización de palabras con sentido impropio, expresións malsoantes...

-Linguaxes específicas. Tamén se relacionan coas variedades socioculturais as linguaxes específicas que son maneiras de falar peculiares de determinadas profesións ou grupos. Son as linguaxes técnicas ou as xergas.

- Linguaxes técnicas ou tecnolectos. Caracterízanse polo seu vocabulario técnico e especializado. Por exemplo, a linguaxe dos médicos, dos informáticos, dos deportistas, dos mariñeiros, etc.
- As xergas. Teñen carácter esotérico ou críptico, é dicir, coa intención de ser coñecidas só polos membros do grupo, para diferenciarse, para afirmarse como grupo e para evitar ser entedidos polos demais. Por exemplo, as xergas dos canteiros, dos afiadores, da mocidade, etc.

-En Galicia existiron xergas empregadas nalgúns oficios tradicionais: *o barallete* ou lingua dos afiadores ourensáns de Nogueira de Ramuín, *a xerga dos cesteiros* de Mondariz, *o verbo das arxinas* ou dos canteiros, *o verbo dos cabaqueiros* ou telleiros de Baixo Miño, *o latín dos chafoutas* ou albaeis de Tui e Pontevedra...

-Tamén existen diferenzas na maneira de expresarse segundo a idade. Así hai trazos lingüísticos característicos da lingua da xente nova que a diferencian da dos adultos.

A xente nova emprega unha expresión máis renovadora, aberta ás innovacións, ao emprego de sufixos, aos neoloxismos, ás metáforas. Algunhas características da súa lingua son:

- a) A incorporación de palabras novas de invención espontánea. *De onde é este ghicho?*
- b) A deformación de palabras: *matracas* ou *mates* (por matemáticas)
- c) A variación do significado de palabras existentes xa na lingua. *A cafetería está petada de xente.*
- d) As abreviacións ou apócopes: *finde* (por fin de semana)

2. VARIETADES SITUACIONAIS OU DIAFÁSICAS.

Chámanse **variedades diafásicas** as distintas maneiras de expresarse que ten unha mesma persoa segundo as circunstancias ou a situación en que se atope: unas veces farao de maneira espontánea, outras de xeito máis coidado.

Dominar unha lingua supón saber empregar a modalidade lingüística apropiada en cada caso. A elección depende de varios factores:

- **A intención** que se persegue coa mensaxe (informar, expresar unha opinión, dar unha orde, convencer)
- **O tema** que se vai tratar e o enfoque que se lle vai dar (divulgativo, informativo, técnico, lúdico, etc.). Por exemplo, unha carta persoal non é o mesmo ca unha conferencia, nin contar un chiste é o mesmo ca dar o pésame.
- **O destinatario** do texto (persoa coñecida ou descoñecida, relación de familiaridade ou distanciamento...). Por exemplo, unha carta para un amigo require unha lingua distinta ca

unha exposición científica ante un grupo de especialistas; non lle escribimos igual a un amigo que a unha persoa descoñecida; ou un texto para un lector infantil é diferente dun destinado a adultos.

- **Situación comunicativa** na que se produce: formal (nunha aula, nun congreso, nunha conferencia ante un auditorio...) / informal (na rúa cos amigos, na casa coa familia, nun bar...)
- **A canle** ou medio de transmisión do texto (a radio, o teléfono...); unha conversación telefónica require un tipo de lingua diferente a un correo electrónico ou a unha carta.

Os rexistros lingüísticos é o modo de expresarse que se adopta segundo as circunstancias.

- **O rexistro formal** é o propio de situación solemnes as que hai que coidar a expresión e a forma da mensaxe: conferencias, entrevistas, discursos, clases... Coincide coa corrección do nivel culto. As súas principais características son:
 - A corrección lingüística: uso correcto das regras morfolóxicas e sintácticas, así como das normas ortográficas no caso de textos escritos.
 - A pronunciación coidada.
 - A riqueza léxica: vocabulario rico e variado, sinónimos, cultismos, etc.
 - A precisión léxica: utilización do termo máis adecuado para cada realidade.
- **O rexistro informal** é a variedade máis empregada, sobre todo na lingua oral. É propio de situación de familiaridade e confianza: conversas cos amigos e coa familia, cartas persoais, etc. Ao tratarse dunha lingua espontánea e relaxada, de grande expresividade, non se axusta sempre á norma, pero non presenta as incorreccións do nivel vulgar. As súas principais características son:
 - A sinxeleza e simplicidade; posto que o fundamental é a eficacia comunicativa, fócese de expresións moi elaboradas.
 - As frases breves e sinxelas, moitas veces inacabadas.
 - O uso frecuente de frases feitas, retrousos...
 - O léxico restrinxido: palabras comodín (cousa, feito...), onomatopeas, etc.
 - A expresividade moi marcada: interrogacións, exclamacións, diminutivos afectivos, etc.

A variedade estándar

Fronte a estas variedades internas da lingua, sitúase a variedade estándar, que representa o modelo de lingua común, o modelo ideal para todos os falantes. Corresponde ao nivel medio e ao rexistro formal. É a que se estuda na escola, a que se utiliza nos medios de comunicación, a que se emprega na Administración, etc. A lingua estándar é o resultado do proceso de codificación ou normativización da lingua.

EXERCICIO:

1. Le estes textos e analiza as diferenzas existentes entre eles:

a) **Un traxe a medida**

Si home si. O ghicho quería un traxe á medida. Foi como cho conto. Ía eu para Sevilla cando me para a Garda Civil. Achégaseme un deles ao tráiler, estirada coma un pau, e sen mediar palabra pregúntame, que leva? Levo traxes, díxenlle. E saíume así, instintivamente. E logo non eran traxes? Como traxes?, dime. Pois traxes, contesteille, negros, marróns...E vai o tipo e pregúntame con toda a jeta do mundo, e haberá algún que me sirva, logo? A min case me dá a risa. Porén, contesteille todo serio, pois algún haberá, ho, lévoos de todas as medidas. E iso si que era certo. O ghicho foise á gabarra do camión, todo disposto, coma se lle correspondese un traxe por dereito propio. E quería un traxe á medida. O que non che conto é como se me puxo cando descubriu que o que levaba eran cadaleitos. O único que che podo dicir é que pasei dúas noites no cuartel, en Salamanca. Iso seguro que non che me esquece. Dígoche eu que non.

Fran Alonso, en *Contos íntimos*.

b) Indiferente, a aldea recollía os froitos do farto outono. Os grandes milleirais de rega amenceron perlados de orballo, e o vento do serán contaba entre a forza verdecente das altas canas unha profecía de noite, brétema e friaxe. Había tempo que, privados do pendón e ben regados polo traballo dos bimbastros, concentraban na espiga os mellores zumes do terrón amorosamente esterocado, da auga vital decorrendo como unha cobra polo eido amolecido e do sol alquimista do setembro, sabio crador das puras esencias vexetais. Xa as follas murchas penduraban cun longo desespero soando bicadas polo ar do solpor cun murmurar decrebadiño, os millos levaban como nais chorosas o neno louro da espiga gardado no mol fatelo do cosco. Polas quebradas abrigosas aqueles millerais inda recolleron os derradeiros soles de sembro.

Otero Pedrayo, *Os camiños da vida*

2. Di cal é o tema do texto e indica que información nova os achega.

A pita do monte ten un tamaño máximo de 1,10 m. nos machos e 0,70 m nas femias. Esta galinácea caracterízase por ter unas plumas debaixo do pico en forma de barba, un rabo en forma de abano e uns tubérculos vermellos sobre os ollos.

A cor da plumaxe é unha característica diferencial entre os sexos. Os machos teñen a plumaxe negra, con zonas azuis ou verde metálico no peito, coas ás acastañadas cunha mancha branca no vértice e manchiñas brancas o ventre e no rabo. As femias teñen o dorso e as ás de cor acastañada con abundantes pencaas brancas, o rabo e o peito arrubiados, e o ventre branco con manchas pardas.

A pita do monte tarda en pórse a voar e o seu voo é torpe. Por este motivo, os cercados, valos e fragas moi pechados producen enormes baixas na súa poboación.

3. Explica que tipo de progresión temática se produce no texto anterior:

- a) Entre as oracións do primeiro parágrafo.
- b) Entre o primeiro parágrafo e o segundo.
- c) Entre as oracións do último parágrafo.

4. Indica a estrutura do texto anterior en forma de esquemas. Para isto indica o tema xeral e cada unha das ideas principais e secundarias presentes en cada parágrafo.